

Memoria Anual

2024



Ilustre Colexio Oficial de Graduados
Sociais de Pontevedra

Rúa Alfonso X O Sabio, nº3 1º
36211 Vigo

☎ + 34 986 20 09 18

🌐 www.cograsop.com

@ cograsop@telefonica.net



ÍNDICE

- ** COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO**
- ** COMISIÓNS DE TRABALLO DA XUNTA DE GOBERNO**
- ** XUNTA XERAL ANUAL ORDINARIA**
- ** REUNIÓNS DE TRABALLO. PRESIDENCIA E XUNTA DE GOBERNO**
- ** INFORME DE SECRETARÍA**
- ** ACCIÓNS FORMATIVAS E INFORMATIVAS**
- ** IV XORNADAS LABORALISTAS**
- ** XORNADAS TÉCNICAS**
- ** ACTOS SOLEMNES INSTITUCIONAIS**
- ** SERVIZO GRATUÍTO DE ORIENTACIÓN XURÍDICO LABORAL**
- ** BOLSA DE EMPREGO**
- ** BASE DE DATOS**
- ** CENSO COLEXIADOS/AS**
- ** INFORME ANUAL DE XESTIÓN ECONÓMICA**
- ** PROCEDEMENTOS INFORMATIVOS E SANCIONADORES**
- ** QUEIXAS E RECLAMACIÓNS**

COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO

O colexio de Graduados Sociais de Pontevedra rexeráse por unha Xunta de Goberno, que será o órgano de execución e xestión dos acordos da Xunta Xeral, desempeñará con carácter permanente a administración do colexio e terá en todo momento a plena representación da corporación.



PRESIDENTE

Raúl Eugenio Gómez Villaverde




VICEPRESIDENTA 1ª

Mercedes Veá Vázquez



VICEPRESIDENTA 2ª

Sandra Cid Conde



SECRETARIA

Noemí Sordo Herrero



TESOUREIRO

Marcos Plaza Precado



VOCAL EXERCENTE

Julio César Pintos Justo



VOCAL EXERCENTE

Mª. Teresa González Rodríguez



VOCAL EXERCENTE

José Antonio Pazó Calvar



VOCAL EXERCENTE

F. Javier Rego Martínez

COMISIÓNS DE TRABALLO DA XUNTA DE GOBERNO

RELACIÓNS COA TGSS	RELACIÓNS CO INSS
<i>D. Marcos Plaza Precedo</i> <i>D. Julio César Pintos Justo</i>	<i>D. Marcos Plaza Precedo</i> <i>D. José Antonio Pazó Calvar</i>
RELACIÓNS CO SEPE	RELACIÓNS COA AEAT
<i>D. José Antonio Pazó Calvar</i> <i>D^a. M^a. Teresa González Rodríguez</i> <i>D^a. Sandra Cid Conde</i>	<i>D. Raúl E. Gómez Villaverde</i> <i>D^a. Noemí Sordo Herrero</i> <i>D^a. Mercedes Vea Vázquez</i>
RELACIÓNS COA ITSS	RELACIÓNS COAS MUTUAS
<i>D. José Antonio Pazó Calvar</i> <i>D. F. Javier Rego Martínez</i> <i>D. Marcos Plaza Precedo</i>	<i>D^a. Noemí Sordo Herrero</i> <i>D^a. Mercedes Vea Vázquez</i>
COMISIÓN CULTURA E COMUNICACIÓN	SERVIZO DE ATENCIÓN A USUARIOS/AS E CONSUMIDORES/AS
<i>D. Raúl E. Gómez Villaverde</i> <i>D^a. Noemí Sordo Herrero</i> <i>D^a. Sandra Cid Conde</i>	<i>D. Raúl E. Gómez Villaverde</i> <i>D. F. Javier Rego Martínez</i>
COMISIÓN DE IGUALDADE	NEGOCIACIÓN COLECTIVA
<i>D^a. Sandra Cid Conde</i> <i>D^a. M^a. Teresa González Rodríguez</i>	<i>D. José Antonio Pazó Calvar</i> <i>D. F. Javier Rego Martínez</i> <i>D. Julio César Pintos Justo</i>
COMISIÓN CATASTRO	
<i>D. Raúl E. Gómez Villaverde</i> <i>D^a. M^a. Teresa González Rodríguez</i> <i>D. Julio César Pintos Justo</i>	

XUNTA XERAL ANUAL ORDINARIA

Na tarde do 21 de marzo, celebrouse na Sede Colexial a Xunta Xeral Anual Ordinaria, conforme ao establecido no artigo 58 da Orde do 15 de outubro de 2021, pola que se aproban os Estatutos do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra, ás 19:00 horas en primeira convocatoria e ás 19:30 horas en segunda convocatoria, desenvolvéndose de acordo a seguinte ORDE DO DÍA:

- Lectura e aprobación, se é o caso, do acta da Xunta ordinaria anterior.
- Exposición polo Presidente da actuación e desenvolvemento do Colexio durante o ano anterior, e do estado no que se atopan as xestións realizadas en defensa dos intereses dos colexiados e colexiadas.
- Exame e aprobación, se é o caso, da Memoria anual 2023.
- Exame e aprobación, se é o caso, do balance e contas anuais de ingresos e gastos 2023.
- Exame e aprobación, se é o caso, dos orzamentos para o exercicio 2024.
- Aprobación, se é o caso, regulamento precolexiado/a becado.
- Estudo e aprobación, se é o caso, de secundar o memorándum “asesores unidos en defensa da profesión”.
- Proposicións, rogos e preguntas dos colexiados e colexiadas.

A mesa estivo presidida por D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente de esta corporación, D^a. Noemí Sordo Herrero, Secretaria e D. Marcos Plaza Precado, Tesoureiro.



Colexio Oficial Colegio Oficial
Graduados Sociais Graduados Sociales
Pontevedra Pontevedra

REUNIÓN DE TRABAJO. PRESIDENCIA E XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno celebrou diversas reunións durante o ano 2024, nas que se trataron os asuntos propios que afectan á profesión, organización colexial, formación para o colectivo, aprobación de expedientes de movementos colexiais, etc...Mantivéronse diversos actos institucionais e reunións de traballo para un mellor avance e funcionamento da profesión, así como a asistencia a actos conmemorativos.

REUNIÓN DE XUNTA DE GOBERNO

- ✓ 25 de xaneiro de 2024
- ✓ 29 de febreiro de 2024
- ✓ 07 de marzo de 2024
- ✓ 25 de abril de 2024
- ✓ 30 de maio de 2024
- ✓ 04 de xullo de 2024
- ✓ 26 de setembro de 2024
- ✓ 30 de outubro de 2024
- ✓ 27 de novembro de 2024

PRESIDENCIA

PLENOS DO CONSELLO XERAL DE COLEXIOS OFICIAIS DE GRADUADOS SOCIAIS DE ESPAÑA

- ✓ 09 de febreiro de 2024 en Madrid



Colexio Oficial Colegio Oficial
Graduados Sociais Graduados Sociales
Pontevedra Pontevedra

- ✓ 07 de maio de 2024. Toma posesión Presidente Consejo General Graduados Sociales de España, D. Joaquín Merchán Bermejo
- ✓ 07 de xuño de 2024 en Madrid asistencia online
- ✓ 06 de setembro de 2024 en Madrid asistencia online
- ✓ 25 de outubro de 2024 en Mérida asistencia online
- ✓ 13 de decembro de 2024 en Madrid

ASOCIACIÓN SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT

- ✓ 27 de decembro de 2024 en Madrid

✱✱ COMISIONS DE TRABAJO

◦ TXSS

03 de febreiro de 2024.- A comisión de relacións co Sistema Rede, *D. Marcos Plaza* e *D. Julio César Pintos* xunto co Presidente, *D. Raul E. Gómez*, acoden á convocatoria da TXSS para o seguimento do Sistema Rede en Vigo

03 de xullo de 2024.- A comisión de relacións co Sistema Rede, *D. Marcos Plaza* e o Presidente, *D. Raul E. Gómez*, acoden á convocatoria da TXSS para o seguimento do Sistema Rede en Vigo

19 de novembro de 2024.- A comisión de relacións co Sistema Rede, *D. Marcos Plaza* e *D. Julio César Pintos*, acoden á convocatoria da TXSS para o seguimento do Sistema Rede en Vigo

✱ **REUNIÓN DE TRABAJO, ACTOS REPRESENTACIÓN**

Xaneiro 2024

26 de xaneiro de 2024. ACTO ACADÉMICO FESTIVIDADE SAN TOMÉ AQUINO

O Presidente, D. Raúl E. Gómez, asiste ao acto académico da festividade de San Tomé de Aquino no salón de actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Vigo.

Febreiro 2024

01 de febreiro de 2024. REUNIÓN XEFA DEPENDENCIA TRABAJO E INMIGRACIÓN

O Presidente do Colexio reúne coa Xefa de Dependencia de Trabajo e Inmigración, D^a. M^a del Carmen Gil Peña; no que trataron sobre asuntos relacionados co trámite de expedientes de estranxeiría.

02 de febreiro de 2024. ACTOS COLEXIO OFICIAL ABOGADOS DE VIGO

O Colexio Oficial de Avogados de Vigo, celebra os actos da festa anual de avogacía o día, venres 02 de febreiro; no que impoñen a “Insignia de Oro” do Colexio aos avogados e avogadas e se procede ao xuramento ou promesa do cargo dos novos letrados e letradas. Asiste ao acto o Presidente, Raúl E. Gómez e a Secretaria, Noemí Sordo.

06 de febreiro de 2024. REUNIÓN DIRECCIÓN PROVINCIAL TGSS



Esta mañá o Presidente, D. Raúl E. Gómez Villaverde xunto cos membros da Comisión de Relacións coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, D. Marcos Plaza e D. Julio César Pintos; mantiveron unha reunión co Director Provincial da TXSS, D. Juan Agustin Herrera de la Rubia na que trataron asuntos de interese para o colectivo.

21 de febreiro de 2024. VISITA INSTITUCIONAL Á NOVA XEFA PROVINCIAL DE INSPECCIÓN DE TRABALLO E S.S.



Raúl Gómez, Presidente do Colexio e Noemi Sordo, Secretaria; visitan a D^a. Ana Pouso Lijo, co obxectivo de presentarse á nova Xefa Provincial da Inspección de Traballo e Seguridade Social e ofrecerlle a colaboración en todos aqueles asuntos que o Colectivo de Graduados/as Sociais lle poida proporcionar. Tamén falouse das

notificacións vía email aos/as colexiados/as autorizados RED, do inicio da actuación inspectora.

23 de febreiro de 2024. ACTO DE XURA/PROMESA DA 72º PROMOCIÓN DA CARREIRA XUDICIAL



Raúl Gómez, Presidente do Colexio; asiste ao Acto de Xura ou Promesa da 72º Promoción da Carreira Xudicial celebrado o venres 23 de febreiro no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), José María Gómez y Díaz-Castroverde, presidiu o acto solemne de xuramento ou promesa ante a Sala de Goberno das 14 xuízas destinadas a Galicia procedentes da 72ª Promoción da Carreira Xudicial. Durante a súa intervención, destacou que o 56 % dos integrantes da carreira xudicial son mulleres, unha porcentaxe que en Galicia ascende ao 61 %. “É, sen dúbida, o camiño adecuado, pola súa propia forza e natureza, para conseguir romper o teito de cristal existente, hoxe en día, nos cargos de goberno e prazas do Tribunal Supremo”, subliñou. Díaz-Castroverde tamén enumerou os “orzamentos indeclinables” aos que deberán atender as novas xuízas no exercicio da súa función: independencia, imparcialidade, integridade, empatía, humildade, talante, discreción, respecto e ilusión.

27 e 28 de febreiro de 2024. *FERIA EMPREGOinCAMPUS 2024 UNIVERSIDADE DE VIGO*



O Colexio participa na Feira de EMPREGOinCAMPUS 2024 na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais no Campus de Vigo cun corner informativo.

O evento, que pon en contacto aos universitarios e as empresas, coincide por primeira vez en tempo e lugar con Fundamental: Foro de Talento, promovido pola Fundación Mentor, dúas iniciativas que unen forzas co obxectivo común de facilitarlle a empregabilidade ao estudiantado.

A inauguración da feira estivo presidida polo reitor, Manuel Reigosa, acompañado por Natalia Caparrini, vicerreitora de Estudiantado e Empregabilidade; Andrés Fernández, presidente da Fundación Mentor; así como, Dolores Garza, decana da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais; Alfonso García-Ciaño, en representación da Fundación Banco Sabadell; Alexandre Pérez Boubeta, director de Recursos Humanos da Fundación Profand, e Teresa González Ventín, coordinadora do Eures Transfroteirizo Galicia Norte de Portugal.





Colexio Oficial Colegio Oficial
Graduados Sociais Graduados Sociales
Pontevedra Pontevedra

Marzo 2024

15 de marzo de 2024. REUNIÓN TESOUREIROS CONSELLO XERAL COLEXIOS OFICIAIS DE GRADUADOS SOCIAIS DE ESPAÑA

Celebración dunha reunión de tesoureiros e tesoureas dos Colexio Oficiais de Graduados Sociais, cun punto único na orde do día sobre “unificación de criterios, establecemento de pautas e puntos en común sobre as tesoureas e os tesoureiros dos colexios”; á que o Tesoureiro, D. Marcos Plaza asiste de xeito telemático.

26 de marzo de 2024. GALA ENTREGA DE GALARDÓNS VIGUESES DISTINGUIDOS E MEDALLA DA CIDADE 2024

A vicepresidenta 1ª, Mercedes Veá e a secretaria, Noemi Sordo asistiron en representación do Colexio á gala de entrega dos galardóns de Vigueses Distinguidos e Medalla da Cidade 2024. Este ano recibiron a distinción de Vigueses Distinguidos no ámbito cultural: Emilio Sotelino; as Corais Polifónicas do Centro Veciñal e Cultural de Valladares e a Sociedade Cultural Deportiva Atlántida de Matamá e a escritora e tradutora María Reimóndez. No ámbito deportivo os galardoados foron Club de baloncesto Seis do Nadal, o Celta Atletismo (que compren 100 anos) e o Club Deportivo Coia. No ámbito educativo: IES A Guía, o CEIP Lope de Veá e o Colexio Quiñones de León que compren 50 anos e o proxecto musical pedagóxico Son das Flores, impulsado polo CEIP Vicente Risco. A Asociación de Viúvas Demócratas de Vigo foi recoñecida no ámbito social. Ademais a Policía Nacional e o Hospital Ribera Poviça recibiron respectivamente as Medallas de Ouro da cidade.



Abril 2024

17 de abril de 2024. REUNIÓN PRESIDENTE CGCOGSE E COMISIÓN IGUALDADE COA MINISTRA IGUALDADE

Reunión de traballo entre Ana Redondo, Ministra de Igualdade e Joaquín Merchán Bermejo, Presidente do Consello Xeral de Graduados Sociais na que estivo acompañado por membros da Comisión Técnica de Igualdade integrada por Susana Jodrá Ayala, Presidenta do Colexio de Araba, Apol·lònia María Julià Andreu, ex presidenta do Colexio de Illes Balears e Sandra Cid Conde, vicepresidenta 2ª do Colexio de Pontevedra.



Na reunión trasladaron o compromiso da profesión coa Igualdade no marco das relacións laborais, así mesmo explicouse á ministra os servizos de orientación xurídico-laboral onde colexiados e colexiadas exercentes atenden todo tipo de consultas relacionadas co dereito do traballo, seguridade social e todos os aspectos

relacionados coas relacións laborais, onde atopan gran cantidade de consultas sobre temas de igualdade e acoso na empresa.

Outros dous asuntos expostos dada a relevancia dos plans de igualdade e protocolos de prevención e tratamentos de acoso na empresa foi a proposta á ministra, da creación da figura do/a Axente de Igualdade nas relacións laborais.

Maio 2024

07 de maio de 2024. O COLEXIO ASISTE Á TOMA DE POSESIÓN DO NOVO PRESIDENTE DO CONSELLO XERAL DE COLEXIOS OFICIAIS DE GRADUADOS/AS SOCIAIS DE ESPAÑA



Na mañá do martes 7 de maio, Sandra Cid Conde, Vicepresidenta 2ª do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra; asistiu á toma de posesión do novo Presidente do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España, Joaquín Merchán Bermejo ante a vicepresidenta 2ª do Goberno de España e ministra de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz Pérez.

Durante o evento, Joaquín Merchán dirixiuse á ministra para salientar a necesidade de elaborar o "Estatuto das persoas traballadoras do século XXI" e pediu que se conte coa opinión dos graduados/as sociais como expertos e expertas en Dereito do

Traballo, Seguridade Social e Recursos Humanos. Yolanda Díaz comprometeuse a contar con este colectivo cando se aborde a reforma do actual Estatuto.

Así mesmo, o presidente asegurou que tanto os graduados/as sociais como os profesionais que traballan nos seus despachos están "desconcertados e extenuados ante unha forma de legislar, publicar e implementar unhas normas que é insostible na forma e no fondo e que vulnera o dereito á desconexión dixital e á conciliación que vimos reivindicando dende fai tempo e ao que non imos a renunciar porque creemos que é de xustiza".

Joaquín Merchán pediu "que se tome exemplo do Ministerio de Xustiza de España, onde a participación se rexe por un modelo de cogobernanza que permite a diversos colectivos profesionais, tanto do ámbito público como privado, intervindo na elaboración de novas disposicións legais e no desenvolvemento de ferramentas destinadas ao servizo de xustiza". Con esta petición, Merchán busca reforzar a vocación de servizo á cidadanía dos graduados/as sociais e ampliala coa participación do colectivo na administración da xustiza gratuíta e o recurso de casación ante o Tribunal Supremo que tamén reclamou, así como manter un diálogo aberto entre o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, o Ministerio de Traballo e Economía Social e o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España.

Para visualizar o vídeo da retransmisión de este acto, pincha no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=kmQToGEjg3c>

Xuño 2024

20 de xuño de 2024. ACTO ACADÉMICO DE CLAUSURA DO MÁSTER EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL 2023-2024

O Coordinador do Máster, o profesor Alexandre Pazos Pérez, e Alberto Vaquero García Secretario Académico, envían invitación para asistir ao acto de clausura o xoves 20 de xuño ás 17:00 h no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

O acto foi presidido polo Decano da Facultade, D. Francisco Torres Pérez, e contaron coa presenza de D. José Luis Costa Pillado, Presidente do Consello Consultivo de Galicia, quen impartiu a conferencia de clausura.

21 de xuño de 2024. ACTO ACADÉMICO DE GRADACIÓN DA XII PROMOCIÓN DO GRADO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS DA FACULTADE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO DA UNIVERSIDADE DE VIGO



O Ilustre Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra participou na cerimonia de Gradación de Grado en RR.LL. e RR. HH. da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo.

Acudiu en representación do Colexio D^a. Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1^a na mesa e D^a. Noemí Sordo Herrero, Secretaria. Nesta ocasión, D^a. Belén Montenegro Borrás, Directora de Recursos Humanos de Bimba y Lola, foi a madriña externa da Promoción.

D^a. Rosa María Rodríguez Martín-Retortillo, profesora doutora de Dereito do Traballo e Seguridade Social da Universidade de Vigo, como madriña da promoción e de D.

Alexandre Pazos Pérez, profesor doutor de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo, como padriño.



Xullo 2024

03 de xullo de 2024. REUNIÓN DIRECCIÓN PROVINCIAL TGSS

O mércores 03 de xullo de 2024, levouse a cabo unha reunión na Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social na que estivo presente; en representación do Colexio, Raúl E. Gómez, Presidente e Marcos Praza, membro da comisión de relacións coa TXSS e os representantes do citado organismo. Durante a mesma tratáronse asuntos de gran interese para o colectivo.

08 de xullo de 2024. REUNIÓN CONSELLERÍA DE EMPREGO

O luns día 08 de xullo de 2024 as 12:00h na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en Santiago (Edificio administrativo de San Lázaro, s/n) o Presidente asiste á reunión con D. Pablo Fernández López, Secretario Xeral de Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta; para tratar sobre a quenda de oficio.

Setembro 2024

17 de setembro de 2024. ACORDO ENTRE O INSTITUTO DAS MULHERES E O CONSELLO XERAL PARA A FORMACIÓN DE PROFESIONAIS EN MATERIA DE IGUALDADE NO ÁMBITO LABORAL

A Vicepresidenta 2ª; Dª. Sandra Cid Conde como coordinadora da comisión técnica de Igualdade do Consejo General de Colegios Oficiales de Graduados Sociales de España asiste á firma entre o Consejo e o Instituto das Mulleres do protocolo xeral de actuación para a colaboración na formación e sensibilización en materia de igualdade entre mulleres e homes no ámbito laboral dos e das profesionais, expertos e expertas en relacións e economía laboral. Un protocolo que ten por fin contar con profesionais coa adecuada capacitación en igualdade debido a crecente implantación de medidas e plans nesta materia no entorno empresarial.



20 de setembro de 2024. REUNIÓN DIRECTOR XERAL TRANSFORMACIÓN DIXITAL NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Reunión da Comisión Técnica de Relacións coa Xustiza do Consejo General, da que forma parte D. Raúl E. Gómez, Presidente co Director Xeral de Transformación Dixital na Administración de Xustiza, D. Aitor Cubo Contreras.



Colexio Oficial Colegio Oficial
Graduados Sociais Graduados Sociales
Pontevedra Pontevedra

Outubro 2024

02 de outubro de 2024. REUNIÓN CO INSTITUTO DAS MULLERES E A COMISIÓN DE IGUALDADE DO CONSEJO GENERAL DE COLEGIOS OFICIALES DE GRADUADOS SOCIALES DE ESPAÑA

Reunión da Comisión de Igualdade da que forma parte a Vicepresidenta 2ª, Dª Sandra Cid Conde co Instituto das Mulleres; en relación co protocolo de actuación en materia de formación.

22 de outubro de 2024. -REUNIÓN DIRECTOR XERAL TRANSFORMACIÓN DIXITAL NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Reunión da Comisión Técnica de Relacións coa Xustiza do Consejo General, da que forma parte D. Raúl E. Gómez, Presidente co Director Xeral de Transformación Dixital na Administración de Xustiza, D. Aitor Cubo Contreras.

Decembro 2024

03 de decembro de 2024. REUNIÓN DIRECTOR XERAL TRANSFORMACIÓN DIXITAL NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Reunión da Comisión Técnica de Relacións coa Xustiza do Consejo General, da que forma parte D. Raúl E. Gómez, Presidente co Director Xeral de Transformación Dixital na Administración de Xustiza, D. Aitor Cubo Contreras.

INFORME DE SECRETARÍA

- Xestión correspondencia
 - Rexistro de entrada/Rexistro de saída.
- Xestión correo electrónico
 - Enderezos electrónicos.
 - Altas/baixas/modificacións novas contas de correo electrónico co dominio @cograsop.com
- Abastecementos
 - Venta Calendarios Laborais.
 - Venta Libro de Subcontratación.
- Información colexial.-Expedición de carnés de colexiados/as.
- Consultas de colexiados/as e chamadas telefónicas atendidas.
- Circulares Informativas “Novidades”, confección e traslado e-mail colexiados/as.
- Expedición de certificados.
- Entrega de documentación informativa.
- Preparación, informe e tramitación de expedientes de altas, baixas e modificacións colexiais.
- Confección de documentación, trípticos etc. para cursos.



- Organización e seguimento de execución acordos de xuntas de goberno, visitas institucionais e outras reunións ordinarias.
- Facturación de pedidos.
- Confección Nóminas, Seguros Sociais do persoal do Colexio.
- Siltra -transmisións Rede do persoal do Colexio.
- Tributación trimestral telemática, IRPF persoal do colexio.
- Tributación telemática IRPF por conferencias, seminarios, cursos...
- Facturación e recibos colexiais.
- Contabilidade, fiscalidade. Contas e memoria anual- transmisión Rexistro mercantil.
- Seguimento disposicións de interese normativo.
- Elaboración Boletín Informativo diario, envío colexiados/as mediante e-mail.
- Web do Colexio.
- Formacións en streaming, edición da gravación e actualización na zona privada da páxina web do Colexio
- Altas, baixas colaboradores colexiados na AEAT.
- Control e seguimento da Bolsa de traballo.
- Control e atención biblioteca.
- Elaboración cartelería e difusión XT anuais- correspondencia Organismos- invitacións saúdas.
- Expedición de diplomas e certificados de asistencia a cursos e xornadas.



- Redacción da Memoria Anual. Elaboración material cursos, seminarios.
- Deseño e revisión de Calendarios de sobremesa.
- Calendarios Laborais, revisión anual para impresión.
- Control e Venda de Lotería do Nadal.
- Control do uso da Sala de Togas nos Xulgados do Social de Vigo e Pontevedra.
- Control seguimento Convenios Colaboración Entidades.
- Xestión e tramitación de expedientes da Dirección Xeral do Catastro
- Xestión e tramitación de expedientes de Solicitud de Nacionalidade
- Servizo de Atención a Usuarios e Consumidores.
- Control e peticións de tarxetas Criptográficas LexNET.
- Asistencia colexial consultas LexNET.
- LEXNET- Seguimento, Incidencias, Xestións Administrador LEXNET.
- Xestión das citas do Servizo de Orientación Xurídico Laboral Gratuíto.

ACCIÓNS FORMATIVAS E INFORMATIVAS

ORGANIZADAS POLO COLEXIO

27 DE FEBREIRO E 05 DE MARZO DE 2024 :

CURSO BÁSICO DE DEREITO DE ESTRANXEIRÍA



Durante as tardes dos días 27 de febreiro e 05 de marzo, de xeito presencial e on-line, o Colexio organizou o “Curso básico de dereito de estranxeiría” cunha duración total de 7 horas e que foi impartido por D^a. Sonia Canay Pazos, *Avogada. Experta en Dereito de Etranxeiría* que estivo acompañada por D^a. Noemí Sordo Herrero, *Secretaria de COGRASO* e por D. Julio César Pintos Justo, *Vocal de COGRASOP* que actuaron de moderadores.



24 DE ABRIL DE 2024

CURSO IRPF 2023. CAMPAÑA DA RENDA EN 2024



O mércores 24 de abril, o Colexio organizou o “CURSO IRPF 2023. Campaña da Renda en 2024” de asistencia presencial na sede colexial e a vez on-line a cargo de D. José Antonio Fernández Pérez, *Técnico de Hacienda (AEAT Vigo)*.

02 DE MAIO DE 2024

XORNADA INFORMATIVA. PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO



O xoves 02 de maio, o Colexio organizou a xornada informativa “Prestacións por desemprego” de xeito presencial e on-line. A formación estivo a cargo de D. César González Nieto, Subdirector Provincial Prestacións SEPE que estivo acompañado por Dª. Mª Teresa González Rodríguez, Vocal de COGRASOP, que actuou como presentadora e moderadora.

23 DE MAIO DE 2024

XORNADA INFORMATIVA. INEPTITUDE SOBREVIDA COMO CAUSA DE DESPIDO



O xoves 23 de maio, o Colexio organizou a xornada “Ineptitude sobrevida como causa de despido” de xeito presencial e on-line.

A formación estivo a cargo de D. Germán M^a. Serrano Espinosa, Maxistrado Xuíz da Sala do Social nº2 de Vigo. Decano dos Xulgados de Vigo que estivo acompañado por D^a. Noemí Sordo Herrero, Secretaria de COGRASOP, que actuou como presentadora e moderadora.

26 DE NOVEMBRO DE 2024

XORNADA INFORMATIVA: NOVO PROCESO DE REGULARIZACIÓN DE COTAS DE COTIZACIÓN DO RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS



Tivo lugar, de xeito presencial na sede colexial e on-line, a xornada informativa ofrecida pola TGSS, “Novo proceso de regularización de cotas de cotización do Réxime Especial de Traballadores Autónomos”, contando para iso con Juan Agustín Herrera de la Rubia, Director Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social; Verónica Solla Iglesias, Directora de programas especiais; Yago Pernas Rico, Director da Administración 36/05 e María José Pérez Estévez, Xefa da área de recadación, presentados por Sandra Cid Conde, Vicepresidenta segunda do Colexio.

Durante a exposición trataron sobre os Aspectos xerais do proceso de regularización de cotas; fases do proceso, diferenciando entre períodos regularizables e non regularizables; tipoloxía de notificacións sobre os resultados da regularización e os servizos de información e consulta, con especial atención á nova APP da Tesourería Xeral da Seguridade Social: IMPORTASS.

EN COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES

22 DE FEBREIRO DE 2024


XORNADA INFORMATIVA "CANLES INTERNOS DE INFORMACIÓN (CANLES DE DENUNCIAS)"



Celebrada a Xornada Informativa “ Canles Internos de información” na sede colexial e on-line, coa participación de D. José Veiga Mareque, responsable de consultaría ENFOKE, grupo TAPREGA. Durante a xornada abordouse a necesidade dalgúns negocios de adaptarse ás novas esixencias normativas, que require a implantación e xestión dun canle de denuncias con garantías de confidencialidade e eficacia. Teresa González Rodríguez, vocal da Xunta de Goberno, foi a encargada de presentar e acompañar ao relator.

09 DE MAIO DE 2024

WEBINAR. ENFERMIDADE PROFESIONAL



O día 09 de maio tivo lugar a webinar “ENFERMIDADE PROFESIONAL”, coa participación de D. Carlos Retamar Yague, Responsable da Área de Prestacións de Enfermidades Profesionais de FREMAP.

Durante a xornada abordouse as diferencias e especialidades da enfermidade profesional respecto ao accidente de traballo, profundando no seu concepto, forma, prazos e consecuencias da comunicación do parte electrónico de enfermidade profesional; así como, nas diferentes obrigacións e dereitos que, ante o seu suceso, xorden para traballadores, empresas, servizos de prevención e outras entidades.



Noemí Sordo, secretaria da Xunta de Goberno xunto con Carlos Llanos, Director Rexional de Galicia de Fremap, foron os encargados de presentar e acompañar dende a sede colexial ao relator, Carlos Retamar.

06 DE XUÑO DE 2024

XORNADA INFORMATIVA. NÓMINAS E SEGUROS SOCIAIS E CONTRATO. DENDE UN PUNTO DE VISTA TELEMÁTICO



O día 06 de xuño na sede colexial e on-line tivo lugar a xornada informativa “NÓMINAS E SEGUROS SOCIAIS E CONTRATO. Dende un punto de vista telemático”, coa participación de D. Javier Landín Iribarren, Director Técnico Landín Informática S.L.



Durante a xornada realizouse unha presentación xeral do programa A3asesor e se abordou puntos sobre a descarga de convenios colectivos, alta de empresas e centros, envío de contratos á firma, cálculo de nóminas mensuais, liquidacións, informes de brecha salarial etc.

Javier Rego Martínez, vocal da Xunta de Goberno, foi o encargado de presentar e acompañar ao relator, Javier Landín Iribarren.

17 DE OUTUBRO DE 2024

CARÁCTER LIBERATORIO DO FINIQUITO. DOCTRINA RECENTE XURISPRUDENCIAL DO TS SOBRE ASPECTOS RELEVANTES DO DEREITO DO TRABALLO




No Círculo de Empresarios de Galicia celebrouse a xornada presentada polo Presidente do Colexio, D. Raúl Gómez Villaverde e D. Jesús A. Vázquez Forno, Decano da Escola Universitaria de Relacións Laborais de A Coruña (ERLAC) “CARÁCTER LIBERATORIO DO FINIQUITO. DOCTRINA RECENTE XURISPRUDENCIAL DO TRIBUNAL SUPREMO SOBRE ASPECTOS RELEVANTES DO DEREITO DO TRABALLO” contando como relator con D. Germán M^a. Serrano Espinosa, Maxistrado-Xuíz Decano Xulgados Vigo.

Unha vez rematada a xornada, D. Felipe Martínez Ramonde, presentou o Máster Práctico en Xurisdición Social de ERLAC. D. Felipe, director do Máster, indicou como referente en España o carácter eminentemente práctico e calidade dos seus docentes do mesmo.

31 DE OUTUBRO DE 2024

XORNADA INFORMATIVA. XESTIÓN EN PREVENCIÓN EN PEMES E SENSIBILIZACIÓN PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO PSICOLÓXICO, SEXUAL E POR RAZÓN DE SEXO NO ENTORNO LABORAL



O día 31 de outubro tivo lugar a webinar “XESTIÓN EN PREVENCIÓN EN PEMES E SENSIBILIZACIÓN PARA A PREVENCIÓN DO ACOSO PSICOLÓXICO, SEXUAL E POR RAZÓN DE SEXO NO ENTORNO LABORAL”, coa participación de D^a. María Dolores Rodríguez Díaz, Enxeñeiro Técnico Industrial e Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais nas tres especialidades. Formador de FREMAP e D. David Piélagos Solís, Licenciado en Psicología do Traballo e Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais nas tres especialidades. Formador de FREMAP.

Durante a xornada tratouse de revisar a documentación que calquera empresa debe dispor en materia de prevención de riscos laborais e analizouse os documentos exigibles na lexislación nacional .

Sandra Cid, Vicepresidenta 2^a da Xunta de Goberno xunto con Carlos Llanos, Director Rexional de Fremap, foron os encargados de presentar e acompañar dende a sede colexial aos relatores.

IV XORNADAS LABORALISTAS 2024



O día 10 de outubro de 2024 tivo lugar a IV Xornada Laboralista en Pontevedra, organizada polo Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra, a Fundación Xustiza Social coa colaboración da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo.

Foi unha xornada dirixida a Graduados/as Sociais e estudantes de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e tamén a outros colectivos entre os que destacamos responsables de Recursos Humanos, Mutuas, Sindicatos e outros traballadores dos despachos de colexiados/as Graduados Sociais.

A IV Xornada Laboralista desenvolveuse no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo na que actuou como moderadora D^a. Andrea Estévez Antonio, Redactora do Atlántico Diario e un elenco de relatores de alto nivel en cada un dos temas da xornada. D^a. Rosa María Virolés Piñol, Maxistrada emérita do Tribunal Supremo. Expresidenta da Sala Cuarta, foi a encargada de iniciar esta IV Xornada Laboralista, coa impartición da conferencia sobre “Exame Práctico de Innovacións Procesuais”



O programa deseñado, tamén contou co relatorio sobre a “Responsabilidade Empresarial en Materia de Acoso Laboral e Mobbing” impartido por D. José Fernando Lousada Arochena, Maxistrado da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, seguido con gran interese polos asistentes xa que se trata dun tema de moita actualidade.



Outro relatorio que espertou gran interese foi a exposición realizada por D. Ricardo Pedro Ron Latas, Subdirector Xeral do Valedor do Pobo. Director técnico da Autoridade Galega de Protección á Persoa Informante. Profesor Titular de Dereito do Traballo e Seguridade Social UCD en excedencia, que falou sobre a “Incapacidade Permanente e Traballo”



A mesa do acto inaugural estivo integrada por D^a. M^a Belén Fernández Docampo, Vicedecana de Relacións Laborais e Recursos Humanos e coordinadora do Grado; D. Manuel Núñez Carreira, Secretario Xeral da Fundación Xustiza Social e Presidente do Colexio de Graduados Sociais de Lugo; D. José Tronchoni Albert, Director Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia; D^a. Eva Torrecilla Hernández, Directora da Fundación Xustiza Social e D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra.



A Clausura destes actos correu a cargo de D^a. M^a Belén Fernández Docampo, Vicedecana de Relacións Laborais e Recursos Humanos e coordinadora do Grado; D. Francisco José Torres Pérez, Decano Facultade Ciencias Xurídicas e do Traballo e D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra.



XXXI XORNADAS TÉCNICAS 2024

- Xoves, 7 de novembro de 2024

CONTRATO FIXO DESCONTINUO, DESAFÍO NA SÚA APLICACIÓN EN 2024

Relatora: D^a. Beatriz Sueiro Padín, Inspectora de Traballo e Seguridade Social



- Xoves, 14 de novembro de 2024

PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN DA DISCAPACIDADE

Relatora: D^a. Carmen María Pan Fernández, Xefa de servizo de valoración de discapacidade. Subdirección Xeral da valoración da dependencia da discapacidade. Consellería de Política Social e Igualdade



- Xoves, 21 de novembro de 2024

MODIFICACIÓN SUSTANCIAL DAS CONDICIÓNS DE TRALLO

Relator: D. Diego de Lara Alonso-Burón, Maxistrado-Xuíz da Sala do Social nº5 dos Xulgados de Vigo



ACTOS SOLEMNES INSTITUCIONAIS

29 de novembro de 2024. Auditorio Afundación en Vigo



No Auditorio Afundación en Vigo, celebráronse os Actos Solemnes de Xura/Promesa das novas persoas colexiadas e incorporadas este ano; recoñecemento e entrega de distincións colexiais aos compañeiros e compañeiras que levan colexiados/as 25 e 50 anos e a entrega das Coderas de Bronce, Prata e Ouro, ás tres persoas con mellores expedientes académicos da promoción 2020/2024 de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo-Universidade de Vigo.

A secretaria, saúda e dá a benvinda ás persoas que compoñen a mesa presidencial, saúda ás autoridades, persoas distinguidas, convidados e convidadas así como ao colectivo presente no Auditorio Afundación en Vigo.



Atril: D.ª Noemí Sordo Herrero, Secretaria COGRASOP. Mesa presidencial de esquerda a dereita: D. Eliseo Adolfo Sobrino Ríos, Presidente de Honra COGRASOP; D. José Ramón Barrera Hurtado, Vocal e membro da Comisión Permanente do Consejo General; D. Germán María Serrano Espinosa, Maxistrado Xuíz Decano dos Xulgados de Vigo; D. Raúl E. Gómez Villaverde, Presidente COGRASOP; D. Francisco José Torres Pérez, Decano Facultade Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo; D.ª Mónica Valderrama Santomé, Vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais da Universidade de Vigo e D.ª Mercedes Vea Vázquez, Vicepresidenta 1ª COGRASOP



Toma a palabra o Presidente do Colexio, Ilmo. Sr. D. Raúl Eugenio Gómez Villaverde para a apertura dos Actos Solemnes, dando paso ás intervencións da Vicerreitora da Universidade de Vigo, Sra. D.ª Mónica Valderrama Santomé; Decano dos Xulgados de Vigo, Ilmo. Sr. D. Germán María Serrano Espinosa e o Vogal e membro da comisión permanente do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España, Sr. D. José Ramón Barreira Hurtado, que tiveron palabras de felicitación para as novas persoas Graduados/as Sociais e para as mozas con mellores expedientes polo seu tesón e esforzo. Tamén aos compañeiros e compañeiras que

recibiron as distincións polos seus 25 e 50 anos de colexiación ininterrompida, polo labor desenvolvido en todos estes anos.



PROCEDEUSE AO ACTO SOLEMNE DE XURA/PROMESA contando coa presenza do *Decano da Facultade Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo*, **Ilmo. Sr. D. Francisco José Torres Pérez** como **PADRIÑO** da nova promoción 2024 de colexiados/as, dedicándolles unhas cariñosas palabras de benvida, sendo o encargado de clausurar os Actos.



D^a. Julia Barros Fructuoso, Padriño D. Juan Antonio Rodríguez Arenosa

D. Javier Carballo de Jesús, Madriña D^a. Ana de la Torre Álvarez

D^a. Raquel Fernández Aguayo, Madriña D^a. Cristina Martíns Fernández

D^a. Cristina García Rodríguez, Padriño D. José Ángel Seguíñ Cid

D. Felipe Gómez Morgade, Madriña D^a. María José Rodríguez Cid

D^a. Paula Mariño Doval, Padriño D. José Manuel Rodríguez Rodríguez

D. Daniel Martínez Puig, Madriña D^a. María Olimpia Terzado Carrillo

D^a. Lina Martínez Soage, Padriño D. Julio César Pintos Justo

D. Eduardo Pereiro Silveira, Padriño D. Marcos Plaza Precedo

D^a. Fátima Vidal González, Madriña D^a. Margarita García Touzedo

ENTREGA DAS DISTINCIÓNS COLEXIAIS AOS 25 ANOS DE COLEXIACIÓN



D.ª. María Teresa González Rodríguez

D.ª. Gloria Iglesias Fernández

D^a. Eva María López Martínez

D. Francisco Xosé Neves Álvarez

D. José Luis Rodal Fernández

ENTREGA DAS DISTINCIÓNS COLEXIAIS AOS 50 ANOS DE COLEXIACIÓN



D. José María Corujo Seguido

D. Manuel Antonio Rodríguez Barreiro

ENTREGA DAS CODERAS de Bronce, Prata e Ouro, aos tres mellores expedientes académicos da promoción 2020/2024 de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.



Colexio Oficial Colegio Oficial
Graduados Sociais Graduados Sociales
Pontevedra Pontevedra



D^a. Andrea Ferreira Pujales

D^a. Carla Rodríguez Álvarez

D^a. Andrea González Lorenzo





Colexio Oficial Colegio Oficial
Graduados Sociais Graduados Sociales
Pontevedra Pontevedra



A xornada dividiuse en dúas partes: a solemne cerimonia de entrega de xuramento de novos colexiados e colexiadas, celebrada no Auditorio Afundación en Vigo e, posteriormente, a cea de confraternidade no Real Club Náutico de Vigo.




Colexio Oficial Colegio Oficial
Graduados Sociais Graduados Sociales
Pontevedra Pontevedra

SERVIZO GRATUÍTO DE ORIENTACIÓN XURÍDICO LABORAL

Ao longo do ano 2024, continuouse co servizo gratuíto de orientación xurídico laboral que se presta na Sede Colexial. Realizáronse a maioría das consultas de xeito presencial; a excepción dalgunha consulta que, debido a urxencia da resolución ou a imposibilidade de desprazarse á sede colexial o cidadán ou cidadá, realizouse a consulta telefonicamente.

Participan no servizo un total de 16 colexiados e colexiadas que así o solicitan, todo elo, no eido de prestar asesoramento xurídico as persoas sen recursos da Provincia de Pontevedra e a pesar do gran volume de traballo que os compañeiros e compañeiras tiveron nos seus despachos profesionais.

Tal e como se veu de realizar nos anteriores anos, prestouse este servizo en quendas semanais, resultando no ano 2024 un total de 193 consultas realizadas na sede colexial e entre elas 31 consultas urxentes que foron resoltas telefonicamente. A maioría das dúbidas expostas céntranse en temas laborais; cun porcentaxe dun 48% do total, así mesmo tamén existe unha alta demanda de consultas en relación a salarios o 19%.



O día 20 de febreiro de 2024, asinouse un novo Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia e os Colexios Oficiais de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, Pontevedra e Lugo para o servizo de Orientación Xurídico-Laboral.

A sinatura deste Convenio supón unha axuda económica para sufragar en parte os gastos que de xeito altruísta veñen asumindo os Colexios e os colexiados/as que prestan os seus servizos gratuitamente aos solicitantes sen recursos, a través do Servizo de Asesoramento Laboral Gratuíto que, no caso de Pontevedra, opera dende 2017.

BOLSA DE EMPREGO

A bolsa de emprego é un dos servizos integrados no Colexio de Graduados Sociais cuxa xestión é gratuíta, rápida e confidencial. Os profesionais ou empresas que precisen cubrir un posto vacante poden solicitar que se lles envíe, indicando previamente os requisitos necesarios e unha breve descrición do posto, os currículos de colexiados/as que estean interesados/as, todo elo para a súa cobertura.

A empresa deberá enviar á Secretaría do Colexio os datos de contacto, que serán confidenciais e quedarán a disposición do Colexio con este único fin. Posteriormente, procederase ao envío dos currículos recibidos por correo electrónico dos colexiados/as interesados/as inscritos a través da referencia asignada á oferta sendo a propia empresa a que se porá en contacto co candidato/a que lle interese e encaixe co perfil solicitado para concertar a entrevista.

Poden formar parte da Bolsa de Emprego, tódolos aqueles colexiados/as que estean en busca activa ou cambio para a mellora do emprego. Unha vez recibida a solicitude da vacante no Colexio, comunícase aos colexiados/as da oferta de emprego dispoñible para que os que estean interesados/as remitan os seus datos actualizados e poder facilitalos ó profesional ou empresa. Con isto logramos mellorar a busca de posibles candidatos/as así como, axudar aos Graduados/as Sociais na súa procura activa de emprego.

O longo do 2024, recibíuse no Colexio un total de 28 ofertas de emprego, ofrecendo na súa maioría un posto de Graduado/a Social a tempo completo nos departamentos laborais de diferentes empresas.

BASE DE DATOS

O Colexio dende hai anos vén proporcionando aos colexiados e colexiadas a través da Web Corporativa do Colexio unha base de datos xurídica de acceso gratuíto para todos e todas.

É por elo que todos os colexiados e colexiadas teñen acceso á BASE DE DATOS DATALEY, servizo de información xurídica pensado especificamente para ser unha ferramenta de traballo indispensable no exercicio da profesión que se caracteriza polo rigor e a actualización diaria dos seus contidos.

DataLEY consta de 4 módulos dende os cales se pode acceder aos contidos que interesan en cada momento:

1. Xurisprudencia
2. Lexislación
3. Convenios Colectivos
4. Formularios

Para acceder a Base de Datos os colexiados e colexiadas deben entrar na páxina web corporativa do Colexio e dirixirse a pestana BASE DE DATOS do menú, unha vez identificado/a coas súas claves persoais no apartado de acceso de usuarios/as.

CENSO COLEXIADOS/AS 2024

13 ALTAS

7 non exercente

4 exercente de

empresa

2 exercente libres

18 BAIXAS

14 non exercente

4 exercentes libres

6 MODIFICACIÓNS

2 de N.E. a E.L.

2 de N.E. a E.E.

1 de E.E. a N.E.

1 de E.L. a E.E.

TOTAL COLEXIADOS/AS A 31 DE DECEMBRO 2023:

401

Non exercente 145

Eméritos 32

Exercente de empresa 52

Exercentes libres 172

TOTAL COLEXIADOS/AS A 31 DE DECEMBRO 2024:

396


Non exercente 135

Eméritos 32

Exercente de empresa 58

Exercentes libres 171

COMPARATIVA CENSO 2023 - 2024



■ Non exercentes ■ Eméritos ■ Exercentes empresa ■ Exercentes libres

135 NON EXERCENTES

47 HOMES
88 MULLERES

171 EXERCENTES LIBRES


75 HOMES
96 MULLERES

58 EXERCENTES DE EMPRESA

8 HOMES
50 MULLERES

32 EMERITOS

22 HOMES
10 MULLERES





INFORME ANUAL DE XESTIÓN ECONÓMICA

Informe anual de xestión económica, incluíndo os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións dos membros da Xunta de Goberno en razón do seu cargo:

GASTOS DE PERSOAL SEGUNDO CONVENIO COLECTIVO OFICINAS E DESPACHOS

SALARIOS BRUTOS: 44.382,06 €

SEGUROS SOCIAIS: 14.184,96 €

TOTAL CUSTE PARA O COLEXIO 58.567, 02 €

Gastos de desprazamento e gastos ocasionados polos membros da Xunta de Goberno no desempeño das súas funcións.

Conforme ao artigo 41.1 dos Estatutos, o exercicio dos cargos de Presidente e vogal da Xunta de Goberno terá carácter obrigatorio, honorífico e gratuíto, sendo así que a totalidade dos membros da Xunta de Goberno non percibiron remuneración algunha polo exercicio dos seus cargos nin polos traballos realizados para o Colexio, aboándose en concepto indemnizador os gastos de desprazamento e os gastos ocasionados por estes no desempeño das súa funcións, reflectidos na contabilidade na conta 627 como segue:

Gastos de desprazamento e representación Presidencia e Xunta de Goberno:
9.099,18€



b) Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

DE EXERCENTES LIBRES DA PROFESIÓN POR CONTA PROPIA

Cota incorporación ao Colexio: 193,23 €

Cota mensual: 42,48 €

DE EXERCENTES DA PROFESIÓN POR CONTA ALLEA

Cota incorporación ao Colexio: 126,02 €

Cota mensual: 28,32 €

DE NON EXERCENTES

Cota incorporación ao Colexio: 83,31 €

Cota mensual: 14,16 €

PROCEDEMENTOS INFORMATIVOS E SANCIONADORES

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzado firmeza, con indicación da infracción á que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta no seu caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

Non se produciu durante o ano 2024, ningunha instrución nin expediente informativo, relativo a este apartado.

QUEIXAS E RECLAMACIÓN

d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, no seu caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

LEI 25/2009 (Lei Ómnibus) Art. 5.-e LEI 1/2010, de 11 de febreiro da C.A. de Galicia e a LEI 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeneral das persoas consumidoras e usuarias,(DOG de 11 de abril de 2012)

RECLAMACIÓNS E QUEIXAS:

O Servizo de Atención a Usuarios e Consumidores no exercicio 2024, tivo entrada na secretaría:

- Escrito queixa con rexistro nº 14/2024, de 01 de marzo, polos servizos prestados. Tramitación realizada e traslado á parte denunciada. Non se reciben alegacións do graduado social.
- Escrito queixa con rexistro nº 54/2024, de 18 de setembro, polos servizos prestados. Tramitación realizada e pendente de resolución.

Queixas e Reclamacións	31-12-2024 2
------------------------	-----------------